

Martes, 2 de novembro de 2021  
Núm. 210

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**PORRIÑO, O**  
**Persoal, oposicións**

Concello do Porriño  
**TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL**  
DOCUMENTO:  
Data inicial de exposición: 02-11-2021  
Data final de exposición: 03-01-2022  
O Porriño n da de

*RESOLUCIÓN DE SUSPENSIÓN CAUTELAR DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO.*

**ANUNCIO DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE SUSPENSIÓN CAUTELAR DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO.**

No expediente nº. 2443/2021 a Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño ditou o Decreto número: 2021-2460 de data 18-12-2021, que ten o seguinte contido:

“ RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DNA. EVA GARCÍA DE LA TORRE, ALCALDESA DO CONCELLO DO PORRIÑO,

Por Decreto da Alcaldía número 2021-1548 de data 05/07/2021, ditado no expediente nº 2443/2021, aprobáronse as Bases para cubrir definitivamente unha praza vacante de administrativo, mediante concurso-oposición libre, do Concello do Porriño. As referidas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 151 de data 09/08/2021.

Contra as referidas bases presentáronse dous recursos potestativos de reposición que serán obxecto de resolución, previa emisión dos informes xurídicos correspondentes.

Polo tanto, coa finalidade de recabar os informes xurídicos que correspondan, así como de evitar posibles prexuízos de difícil ou imposible reparación aos interesados, estímase necesaria a suspensión cautelar do proceso selectivo ata a resolución dos referidos recursos potestativos de reposición. Esta decisión en ningún caso presupón a estimación dos recursos formulados polos interesados.

Polo anteriormente exposto e no uso das competencias atribuídas polo artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e demais preceptos concordantes, esta Alcaldía, RESOLVE:

Primeiro.- Suspender cautelarmente o procedemento de selección para cubrir definitivamente unha praza vacante de administrativo, mediante concurso-oposición libre, do Concello do Porriño, aprobado mediante Decreto da Alcaldía número 2021-1548 de data 05/07/2021, expediente nº 2443/2021, ata a resolución expresa dos recursos administrativos presentados.

Segundo.- Publicar a presente resolución no BOP e páxina web municipal para os efectos oportunos.

TERCEIRO: Dar conta do presente Decreto nos termos establecidos legalmente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:A71616SRVFK0NU1



Martes, 2 de novembro de 2021

Núm. 210

Así o manda e asina a Alcaldesa do Concello do Porriño Dna. Eva García de la Torre. O Secretario Xeral, D. Eduardo Portela Fernández da fé, no Porriño na data que se indica na marxe.”

O Porriño, na data de sinatura electrónica

A Alcaldesa, Eva García de la Torre

Documento asinado dixitalmente ao marxe

